

SERVIZO DE
EDUCACIÓN

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 97 / 142

ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS

SOLICITANTE: DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME

En resposta á solicitude sobre xustificación da condición de subvencións nominativas achégase a seguinte información:

A) SUBVENCIÓN NOMINATIVA TRAMITADA POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN.

Aplicación orzamentaria: **3260.489.0001 CONVENIOS FOAMPA** (642.405,31 euros)

- Nome e CIF: Federación Olívica de ANPAs (F.O.A.N.P.A.) CIF: G-36.743.946
- Beneficiario: FOANPA, que é a Federación das ANPAS dos centros públicos de ensino de Vigo.
- Contía: 642.405,31 euros
- Xustificación do seu carácter nominativo: O convenio coa Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca xustifícase nas competencias que ten o Concello de Vigo para a realización das actividades ás que se refire o mesmo para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sa e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares, nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares, ao tempo que se facilita a conciliación familiar.

Con esta subvención fináncianse 52 ANPAs que prestan servizo en 26 comedores escolares para 2.530 comensais; Aulas Matinais que atenden a 500 escolares e 240 actividades extraescolares nas que participan unhas/uns 4.600 alumnas e alumnos.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

Conforme: a concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez

Conforme: a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización lingüística, Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:44

Páxina 1 de 1

97-142

CSV: AEADD9-B6DH2F-2B5H84-1EGKMH-MR5J12-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>